

# **Intranet** Proxecto Compás

## Publicación elaborada polo Proxecto Compás AD Equal Área Metropolitana de Vigo

### Redacción

José Angel Méndez Pardo

### Directora

Ana Isabel Pascual Martínez

### Equipo de Administración

Juan Ramón Lorenzo Español José Ramón Pérez González Blanca Roura Javier

## Persoal do Proxecto

Mireia Acosta Terrón María José Alonso Lameiro María Blach Leyenda Nerea Couso Iglesias Inmaculada Martínez Couto Mª Montserrat Doval Avendaño María Angeles Rodiño Medrano María Dora Romero Insua Mª Jesús Lago Vilaboa Ana García Barrio Carmen López Fernández Silvia Rodríguez Fontán

### Edita

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (A.D. Equal Área Metropolitana de Vigo)

#### **Deseño gráfico e maquetación** Publitia S.L.

Depósito legal VG: 1057-04



O Proxecto Compás enmárcase dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, dedicada a promover novos métodos de loita contra toda clase de discriminación e desigualdade no acceso a un mercado de traballo aberto a todos e todas, a través do deseño e do desenvolvemento de ferramentas e recursos concretos que melloren a ocupabilidade das persoas desempregadas da área metropolitana de Vigo.

O obxectivo xeral do Proxecto é deseñar e desenvolver novos recursos para a mellora da empregabilidade das persoas habitantes da Área de Vigo, a través de mecanismos de coordinación, cos axentes do territorio máis representativos en materia de emprego.

Durante a execución das accións previstas no programa de traballo nacional, deseñáronse novos métodos e experiencias tendo como eixes transversais das actuacións a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a utilización das novas tecnoloxías.

Esas experiencias teñen unha finalidade última que é a súa transferencia ás políticas públicas a nivel local e autonómico, e a difusión entre todos os axentes de emprego dos territorios de influencia do Proxecto.

Por ese motivo edítanse as publicacións que con satisfacción presento. Son froito do traballo destes máis de tres anos de labor (Novembro 2001 - Decembro 2004) do Proxecto no noso territorio da Mancomunidade e póñense á disposición de todas aquelas persoas, institucións e colectivos interesados na mellora das oportunidades de emprego da nosa cidadanía.

#### Corina Porro Martínez

Presidenta da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



## 

1. Introdución
2. Obxectivos
3. Consideracións xerais
4. Seccións
5. Base de datos
Anexo 1: tarxeta de ocupabilidade
Anexo 2: parte privada do sitio web nacional
Anexo 3: estructura da Intranet





# Introdución



## INTRODUCIÓN

Podemos dicir que, dentro de tódalas ferramentas das que está composto o Proxecto Compás, a **INTRANET** é aquela que permitirá ás persoas orientadoras desenvolve-lo seu traballo, dispor dun mecanismo que axilice contactos e promova a coordinación da xestión e ó mesmo tempo posibilite o coñecemento exhaustivo do desenvolvemento do proxecto en tódalas áreas de intervención e o seu estado. Por outro lado, podemos destaca-la disponibilidade continua de datos, o cal facilita ó equipo de coordinación a redefinición de obxectivos e o axuste do proxecto.

A intranet do Proxecto Compás é unha ferramenta situada fisicamente nas instalacións do CITIC (Centro Tecnolóxico de Vigo) e con acceso por medio dunha rede privada virtual desde as diferentes sedes do Proxecto Compás.

A intranet do proxecto susténtase sobre unha Vpn (rede privada virtual) para maior seguranza das fichas e informes que posúe (ver anexo 3). Este esquema permite que tódalas persoas orientadoras do proxecto poidan traballar como se estivesen no mesmo edificio, pero cun compoñente de seguranza moi alto.

## OBXECTIVOS

O obxectivo xeral da intranet é operativiza-lo traballo con persoas en situación de desemprego, en tódalas posibles áreas de xestión do proxecto, desde o inicio do proceso de orientación a calquera actividade preformativa, formativa ou de incorporación social.

Entre os obxectivos específicos podemos subliña-los seguintes:

 permite o coñecemento e a análise cuantitativa e cualitativa da situación do proxecto;

 posibilita a coordinación entre entidades asociadas da AD e os/as orientadores/as en relación á preselección e selección de candidatos/as;

- facillita o seguimento de tódalas persoas incorporadas e das actividades levadas a cabo;

- coordina accións con empresas e entidades que colaboran co proxecto.

A finalidade da intranet é dispor dunha eficaz ferramenta que permite non só axilidade na xestión, senón tamén a planificación de accións e o axuste de obxectivos, ademais da necesaria análise de resultados.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

A seguir mencionamos cada unha das seccións que conforman a intranet, mais antes temos que definir unha serie de **características comúns** a todas elas, que son:

- as procuras que se realizan nas diferentes seccións abranguen numerosos criterios diferentes;

- as listas resultantes das procuras ou listaxes xerais poden ordenarse por diferentes campos;

 tódalas listaxes contan cun resumo estatístico ó pé cos totais xenéricos e por sexo;

 - os rexistros que foran borrados das diversas táboas da base de datos permanecen na mesma no nivel de consulta, coa salvedade de que, ó listalas, poden ser obviadas ou vistas na listaxe xeral identificadas como "borradas";

- os diferentes rexistros poden imprimirse en modo ficha ou ben visualizarse en pdf coas opcións correspondentes.

Por outra parte, é importante diferenciar na redacción do texto entre persoas usuarias da intranet (persoas orientadoras, persoas empresarias, persoas administradoras) de persoas usuarias do proxecto. As primeiras han se-las que canalicen a información das persoas usuarias do Proxecto Compás. Ó longo do presente

golden () help://132.168.100.11.	/whare//administrador/vices.arg
	CC N PÁS
	Morenested (n. ó. Kolvastet du Provente Complex
HINE DE DATOR	
HARDREED DK COHPAN	Carbon Anteria a Baute de
ICTICAN DE PREMIA	fortaments int para a
INTERN DEL DIR EN LA RED	unformación de Proceste.
SHOW, ALL DE COMPRE	II annese e Rede ancientrare rentemendo por restruce de contrativos de la contrativo de
AND DE ATTRACE	reputation debetare durpho
OAD OWNO	
	Procedu.
HEL.	The little and a second sec
res Diet	Contrasella no Territtes

documento, se non especificamos "persoas usuarias da intranet" referirémonos sempre ás persoas que acceden como usuarias ó Proxecto Compás e que non teñen acceso directo á intranet, aínda que si, como veremos máis tarde, poderán consulta-los seus datos desde un acceso privado na Web nacional do Proxecto Compás (<u>www.proyectocompas.org</u>).

## SECCIÓNS

Ó entrar na intranet e despois de validarnos mediante un *login* e un contrasinal, atopámonos con que no canto superior esquerdo figura o nome da persoa usuaria da intranet que accedeu ó sistema e na columna da esquerda unha serie de pestanas que permiten entrar nas diferentes seccións ("Base de datos", "Novidades", "Noticias da prensa", etc.).

Neste menú destaca a primeira opción, "Base de datos", mais as restantes teñen tamén a súa importancia, xa que permiten manter informadas as persoas orientadoras e coordina-las accións.

No caso de que o proceso de autenticación resultara satisfactorio, a persoa usuaria accede á páxina de presentación da intranet, desde a que se poderá acceder directamente á ferramenta propiamente dita, premendo a opción "Base de datos".

PRO		"NOME DR PERSOR", estás na Intranet do Proxecto Compás.
28	ADMINISTRACIÓN	Dámosche a benvida á páxina inicial de acceso á Intranet do Proxecto Compás.
8	GRUPOS	Dende esta ferramenta poderanse realizar labores de xestión
ů	PERSORS USUARIAS	das persoas participantes no proxecto.
6	TÁBOAS AUXILIARES	
8	PRIMEIRO CONTACTO	
Ð	DERIVACIÓNS	
8	INCORPORACIÓNS	
00	PERSORS EMPRENDEDORRS	
0	ACTIVIDADES	
6	EMPRESA	
3	ESTATÍSTICAS	
	RXENDR	
D°	RKENDR ROMIN.	
3	BOLSRS	
0	RXUDRS	

## BASES DE DATOS

Despois dunha mensaxe de benvida aparecen as seguintes seccións:

#### Administración.

Desde esta sección poderán ser consultadas estatísticas de uso da intranet, eliminarse primeiros contactos e incorporacións e actualizarse as táboas auxiliares no servidor (de uso puntual, posto que cada día as táboas se actualizan automaticamente).

REPORTERIO	Administración > Operacións espe	naciale	
seuros	operacións es	peciais.	
PERSONS USUNEINS	Operaciones especiais	Eliminar Incorporacidos	Administrar Persoas Usuarias
THEORS PLANLAWES	Actualizar Taboas		
PRPERO CONTACTO	here and her		
			Volver
DERMACIÓNE			C
DORWOOHS HCORPORADÓHS			
DEPARCHE HOPPORIONE PERSONS DEPERDENTIME			
ражносни иссерояходна развородскама истионоса			
DERMICONS INCONFORMATION INFOR			
EDRINGONE INCORPORACIÓNE PERSON INFERIONE INFERIONE ENVIRENCE EDRINETICIES			
CERMINCOHE INCORFORMACINE PERSORECOMME INCOMPOSED EDITIONICES REDITIONICES REDITIONICES			
DERMADORE ACCEPTORIODES PERSONNE PERSONNE ESTIMUTICAE ESTIMUTICAE REDORI FORM			
CERNICON     CONTROL     CONTROL     CONTROL     CONTROL     CONTROL     CONTROL      CONTR			

Nas consideracións xerais advertiamos de que os rexistros eliminados continuaban a aparecer en tódalas listaxes especificados como tales; o borrado definitivo dos mesmos será levado a cabo polo administrador desta sección.

O epígrafe máis útil desta sección de administración é o referente á administración de persoas usuarias da intranet, ou sexa, á monitorización das accións realizadas polas distintas persoas usuarias da intranet e autorizadas a desenvolver diversas actividades. O administrador poderá listar tódalas accións levadas a cabo dentro da base de datos filtradas segundo a data, centro de gasto ou acción realizada (crear, modificar, borrar e baixas). Na listaxe resultante da busca figurará a data en que se efectuou a acción, a persoa usuaria da intranet que a levou a cabo, o centro de gasto desde onde se fixo e, por suposto, a acción realizada.



## Grupos.

As diferentes persoas usuarias da intranet están englobadas en grupos, cada un cunha serie de privilexios e limitacións canto ás operacións que poden levar a cabo. Desde este apartado poderán ser realizadas accións de xestión dos grupos de persoas usuarias. Cada un deles terá predeterminado desde esta pantalla (de acceso exclusivo para os administradores) as capacidades pertinentes dentro da intranet. Os privilexios de xestión de cada unha das seccións, é dicir, alta, baixa, modificación e consulta, só teñen unha excepción: a xestión de actividades, onde se diferencia entre a posibilidade de podelas modificar, consultar ou ben te-lo acceso restrinxido na súa totalidade; isto débese á complexidade da coordinación de actividades entre múltiplas entidades.

NOXECTO COMPAS	Grupos	de persoas	s usuar	ias		
CO-WASTRACKIA	or up or					
GRUPOS	Operacións sobre	os grupos de persoa	s usuarias			
PERSONE USUNVINS	Novo Grupo	Listados Grupos	Actualizar	]		
THOMS AUXILIANES	Grupos no Sistem	ia :				
PRE-600 CONTRETO	empresa			æ		
Convection	Orientador In	terno		8		
E scarcercole	root			8	é	
PERSONS	1.1.50	100	1			
ACTIVIDADES					Volve	F.

Por exemplo, o grupo denominado "Persoa orientadora interna" poderá ter acceso a todo o relacionado coas persoas usuarias do proxecto (xestión das fichas, táboas auxiliares, actividades, estatísticas, etc.; verémolo ó longo do documento) e só terá vetada a xestión como persoa usuaria do sistema.

PRO	XECTO COMPAS	Grupos	7%				
	NO-HARSTRACIÓN GRUPOS PERSONS USUNRUNS TÁBONS RUALINES PRE-ISINO CONTRCTO DERMINICIÓNS INCORPORIACIÓNS	Datos do Grupo Nome: Xestión Persoas Usuarias do Sistem Xestión Pichas: Xestión Pichas: Xestión Dervacións: Xestión Batxas: Xestión Batxas: Xestión Inserecións:		Non Non Non Non	000000000000000000000000000000000000000		
	EHPRENDEDORAS ACTIVIDADES EHPRESA ESTATÍSTICAS	Xestión Solicitudes: Xestión Asistentes: Xestión Seguimentos: Xestión Persoas Emprendedoras: Xestión Estadísticas:		Non Non Non	000000000000000000000000000000000000000	~	
	RVEHDA RVEHDA ADMIN BOLSAS ROJUDAS	Xestión Empresas: Creación de tarxetas:	51 🔾 I 51 🔾 I	Non	0	Novo Grupo	Cancelar

Os diversos grupos xerados a día de hoxe na base de datos son:

**Empresa**: engloba as persoas encargadas da prospección empresarial, visitas, seguimentos e coordinación de actividades con empresas;

**Persoas orientadoras internas**: persoal que traballa nas sedes do Proxecto Compás; son persoal do propio proxecto;

**Persoas Orientadoras:** situadas nalgunha das sedes do Proxecto Compás (sindicatos, centros de formación, etc.);

Root: administrador do sistema.

Unha vez creados os diferentes grupos, debemos crea-las **persoas usuarias da intranet** e incluílas nos seus grupos correspondentes. Ó dar de alta unha persoa usuaria, ademais de introduci-los seus datos persoais e de contador, creámoslle un *login* e un contrasinal de acceso, enmarcámola dentro do seu grupo correspondente e situámola no seu centro. É importante, neste punto, incidir en que esta xestión de persoas usuarias fai referencia ás persoas usuarias da intranet, non do proxecto. É dicir, as diferentes persoas orientadoras do proxecto daranse de alta co fin de realizar persoalmente cada unha delas a xestión propia das persoas usuarias do mesmo. Estas persoas usuarias poden asociarse a unha persoa orientadora e a un centro, de maneira que calquera acción levada a cabo por esa persoa usuaria fica vinculada a dita persoa orientadora e a dito centro. A vinculación permite establecer perfís personalizados para as persoas usuarias da plataforma, de xeito que cando unha persoa orientadora se valide accederá exclusivamente ós datos daquelas persoas usuarias ligadas a ela.

ECTO COMPAS	Persoas Usua	rias		
DP-BHSTRACIÓN				
RUPOS	Nova Persoa Usuaria	Listados Persoas Usuarias	Actualizar	
ERSONS USUARIAS				
ADDAS ALCOLARES	alen1	0	Û	
	alen2	ě	Û	
MEIRO CONTRCTO	alen.3	ė	0	
enorders .	alen4	¢.	Û	
and the second sec	Ana Garcia	8	Û	
RPORACIÓNS	Ana Pascual	8	Û	
soas	Blanca Roura	Ø	0	
REHIDEDORRS	Carmen Lopez Fernandez	(A)	0	
IDADES	Dora Romero Insua	9	0	
RESA	Elena	1 2 3 Seguinte	Œ	
ATÍSTICAS	7			olver
ROR				0.1.01
EHDA ADPIN				
JAS .				

PRO		Dersoas	cuarias				
08	поннизтялской	reisods u	Suarias				
-	GRUPOS	Datos Persoais Nome:	Ana				Ĩ.
ų.	PERSONS USUNRINS	Apelido 1:	Garcia				
1	TRECAS PLUGLARES	Apelido 2:					
-	PRIMEIRO CONTRCTO	Información Adicion Teléfono:	al				1
1	DERIVICIÓNS	E-mail:					
-11	INCORPORTICIÓNS	Cargo Empresa:					
00.0	PERSONS	Login:	ana.garcia				
-	EPPRENDEDORRS	Password	•••••				
0	ACTIMORDES	Grupo:	root				
D	EMPRESA	Persoa Asociada	++Nengún++	1			
0	ESTATISTICAS	Centrol	(interigenter				1
•	ROENOR	Datos da Alta Data de Alta:	1 -/ 1 -/ 2002 -				1
	RUEHOR ROMIN	Persoa usuaria blogueada:	51 🔘 No 🛞				
3	BOLSAS	Persoa Super Usuaria:	51 💿 No 🛇				
۲	roupes				Gardar Datos	Cancelar	

As **táboas auxiliares** son as que, unha vez cubertas, nos van facilitar todo o traballo de introdución de datos. Son, por así dicilo, a *despen*- sa da intranet, de maneira que cando xa se completaron todas, ó introduci-los datos das diferentes persoas usuarias, as persoas orientadoras elixen, na maioría dos campos, mediante un menú despregable. A creación destas táboas foi levada a cabo en función das necesidades das persoas coordinadoras (para a consecución dos obxectivos) e das demandas, sobre todo no nivel estatístico, impostas por Madrid e Europa.



As táboas auxiliares consisten nunha serie de táboas da base de datos que conteñen información xenérica que se asignará ós diferentes participantes no Proxecto Compás.

Todas estas táboas serán despois empregadas nas diferentes seccións da intranet. Así, no caso das persoas emprendedoras, algunhas das táboas utilizadas son: "Autoemprego", "Tipo de consulta empresarial", "Formas xurídicas", etc.

Algunhas táboas divídense en área e subárea para completa-la

Intranet	TO COMPAS	Táboa		ares				
ROHR	ISTRACIÓN	Nivel Estudos	AuAIII	ares				
	16	Posibles Oper	acións					
PERS	AS USUARIAS	Novo nive	l de estudos	Listar	Actualizar An	ea Privada Web		
Trieo	IS AUXILIARES	Nivel Estudos	na Base de Dat	tos				
		Código		Nome		Editar	Borrar	
PRIME	RO CONTRCTO	1	ANALFABETO	Z A		8	0	
DERN	ACIÓNS	10	MODULOS FO	ORMATI VOS DE GRA	D SUPERIOR	~	Û	
-	enperatus	11	ESTUDIOS UR	VIV. MEDIOS		ø	Û	
1	runnuuris	12	ESTUDIOS UN	VIV. SUPERIORES		*	Û	
PERS EMPR	DAS ENDEDORAS	13	DOUTORADO			*	0	
0.000	DADES.	14	Outros			×	Û	
9 110111	CTULU .	2	LEE E ESCRIE	E		8	Û	
EMPI	ESR	3	CERTIF. ESO	OLARIDADE		8	Û	
ESTR	rístices	4	GRADUADO E	SCOLAR		×	0	
	and the second se	5	GRAD, EDUC	ACION SECUNDARIA		*	Û	
RIVER R	99	6	B.U.P ou equ	ivalente		8	0	
39 6004	R ROMIN	7	C.O.U. ou er	quivalente		8	Û	
		8	FP I ou equit	valente		Ø	Û	
P BOLS	KS	9	FP II ou equi	ivalente		3	Û	

información; é o caso de "Titulacións".

Codificar todo desta maneira é moi importante á hora de axiliza-la introdución de datos e tamén á hora de tirar estatísticas. Despois dos dous anos de funcionamento desta base de datos completáronse estas táboas subsanando as lagoas que as diferentes persoas orientadoras foron achando ó traballar con ela.

Cando unha persoa solicita a incorporación ó proxecto efectúase unha primeira toma de contacto, un primeiro filtro para valorar se este dispositivo se axusta á súa demanda; nel cúbrese a ficha correspondente "Primeiro contacto" para poder avalia-las posibilidades de inserción.

Non tódalas persoas dadas de alta no "Primeiro contacto" teñen que chegar a ser participantes no Proxecto Compás, xa que á hora de defini-lo perfil das persoas destinatarias valorouse que a situación de desemprego debía primar como factor de exclusión sobre outras problemáticas asociadas ós procesos de exclusión social. Estes datos do primeiro contacto son os relativos ó historial profesional e datos persoais da persoa usuaria. Igualmente especificamos nesta parte a orixe para a súa entrada no Proxecto Compás e o nome da súa persoa orientadora ou centro orientador. Tamén, e como isto unicamente é a toma de contacto, estúdase a posibilidade de incorporala ó proxecto ou, en caso negativo (por non cumpri-los requisitos) poder derivala a outros servizos especializados similares. Na pantalla principal podemos ve-la lista de primeiros contactos. Sobre esta listaxe realizamos, como se pode ver, operacións de edición de datos, edición en formato Pdf da súa ficha, eliminación como primeiro contacto e establecemento de derivacións.

P RC		Drimei	ro Cont	acto						neo II
-	RDM14STRACIÓN	Finici	O Com	acto						
3	GRUPOS	Operacións sol Nova Ficha	Listados Fie	thas Ac	tualizar					
1	PERSONS USUARIAS									
3	THEORS HUNLIPRES	Busca:	ara a busca	en: No	me 👻	Ver Borra	ados			
8		Data dende: 👻	1 🛩 1	*						
8	DERIVICIÓNS	Data ata: 🔤 🚥	1	×		Busci	<u> </u>			
8	NCORPORACIÓNS	Resultados da	busca							
30	PERSONS EP-PRENDEDORMS	Nome 🖾	Primeiro Apelido 🖬	Segundo Apelido 🖬		Data 🔛	Editar	Ficha	Borrar	Derivació
0	ACTIVIDADES	Elica Lila				02/01/2002	8	2	Û	No
-	EMPRESA	José manuel				15/01/2002	3	2	0	No
	LIT PAUL	Margarita				17/12/2002	8	2	Û	No
3	ESTATISTICAS	MANUEL				17/12/2002	3	2	Û	No
1	RENDR	Manuel				18/12/2002	3	3	Û	No
-		Ana Esmeralda				18/12/2002	3	2	Û	No
10	RICENDA ROMINI	SUSANA				18/12/2002	8	19	Û	No
0	BOLSAS	M# Jesús				23/12/2002	3	19	Û	No
-	and a second sec	Susana				23/12/2002	Ø	19	Û	No
D	POUDRS	Juan José				23/12/2002	3	3	Û	No
-		Manuel				23/12/2002	Ø	3	Û	No
		Miguel Angel				23/12/2002	8	19	Û	No
		Dorian Elias				23/12/2002	3	19	Û	No
		Oscar				26/12/2002	3	29	Û	No
		M# Rosa				26/12/2002	3	19	Û	No
		MARÍA LAURA				26/12/2002	8	3	0	No
		IGNACIO				27/12/2002	3	3	10	No

No pé da pantalla a persoa orientadora pode ve-los totais, desagregados en homes e mulleres, ademais das procuras que realice.

Os campos que contemplamos no seu proceso de edición figuran na pantalla seguinte.

Unha vez estudado o perfil da persoa usuaria e se ela dá a súa autorización e cumpre os requisitos necesarios para entrar a formar parte do Proxecto Compás, podemos incorporala ó proxecto, cando a editamos, indicando a data da alta.

O botón de "Impresión de carné" permite á persoa orientadora subministrar unha tarxeta a modo de identificación a cada unha das persoas incorporadas ó proxecto.

, an		Primeiro C	Contacto
		Nova Ficha	
	GRUPOS		
	PERSONS USUADAS	Datos Contacto	
	Constant Constant of	Data de Contacto:	10 0 / 8 0 / 2004 0
)	THEORS AUXILIARES	Persoa Orientadora:	Cep
1	PRIMEIRO CONTACTO	Canle de Acceso:	Derivación
1	aber press and	Datos Persoais	
1	DERIVIACIONS	Apelido 1:	
1	NCORPORACIÓNS	Apelido 2:	
2	PERSONAL	Nome:	
ŭ	EP-IPRENDEDOR/RS	NIF / NIE 1	
5	ACTIVIDADES	Data de Nacemento:	1 1 1 1 1 1930 1
	100000000	Sexo:	Home V Estado Civil: CASADO/A
1	EMPRESA	Nacionalidade:	COMUNIT.
2	ESTATISTICAS	Foderezo:	
	and the second se	Pohoación:	Concellor Baiona
Ł	HOLDH	CP.	Concentr. Concentra
6	RUEHDA ROMIN	Madia an ave tive:	anaba W
7		Distancia en Km é centro	prueba 🕥
	BOLSHS	de Orientación:	Entre 0 e 3 Km 💌
9	ROUDAS	Teléfono 1:	
		Teléfono 2:	
		Centro:	C.C.0.0. V
		Carnet de Conducir:	Si 💌
		Vehículo Propio:	Si 💌
		En Paro:	Si Y En Paro dender dd Y / mm Y / aaaa Y
		Nivel de estudors	

Se o primeiro contacto non cubre os requisitos básicos para ser incorporada no proxecto, a persoa orientadora pode determina-la súa derivación a outra entidade, servizo municipal ou organización onde poida ser atendida. Este proceso realízase mediante o formulario da sección de **"Derivación"**. Na derivación indícase a que entidade e persoa orientadora dela é derivada.

	Derivación	15	
GRUPOS	Nova Derivación	cións sobre os grupos de per Listados Derivacións	Soas usuarios Actualizar
PERSORS USURRIRS		Л	
TÁBORS AUXILIARES	Busca:	en: Nome 💌 🗌 VerBo	orrados Persoal Técnico: 🔜 😵 Busca
PRIMEIRO CONTACTO			With Lot of the other August and the second s
DERIVACIÓNS			
INCORPORACIÓNS			Imprimir Volver
PERSORS			

Se os requisitos do primeiro contacto coinciden co perfil de persoa usuaria do proxecto, a persoa solicitante formará parte da lista de persoas incorporadas ó Proxecto Compás; isto é o que denominamos "Incorporacións". Neste apartado xestiónanse os datos, o proceso e evolución dentro do proxecto das persoas solicitantes que foron admitidas de facto no Proxecto Compás.

P Rit		Incorporación	ıs					140	10 <b>111</b> SP
19		Operacións sobre os grupos	de persoas us	uarias					
2	GRUPOS	Listados Persoas Usuarias	Actua	lizar					
8	PERSORS USUARIAS	Información para a busca Buscar:	en: Nome	× E	Ver Baixas				
3	TÁBOAS AUXILIARES	2		0	Anular Busca				
8	PRIMEIRO CONTACTO				Buscar				
Ð	DERIVACIÓNS	Lenda	unida.						
8	HCORPORACIÓNS	merciurs e baua baua aurse	reion						
00	PERSORS EMPREMOEDORRS	Nome D Primeiro	Segundo		Codigo	Data	Editar	Ficha	c.v.
	ACTIVIDADES	Apelido 🖬	Apelido 🖾		Tarxeta 🖬	Incorp. 🖬	Contai	There	
-	EMPREZA	Xavier				04/11/2003	3	3	19
	Errecon	YOLANDA				25/02/2003	Ø	3	3
3	ESTATISTICAS	YOLANDA				22/12/2003	3		3
n	8/70/06	YOLANDA				24/02/2004	×	3	3
-	The second secon	Yolanda				06/11/2003	8	2	2
18	RNEHDR RDH1N.	Yurina Margarita				14/10/2003	ø	2	2
9	BOLSRS								
0	ANUDAS	Contador Total incorporacións: 1111 Total incorporacións: 859 Total baixas: 696 Totale baixas: 646 Totale baixas e incertofían Total: 614 Total persoas incertadas: 559 Total buixoa: 508	Homes: 387 Homes: 282 Homes: 262 Homes:222 Homes: 193 Homes busca:	Multeres Multeres Multeres Multeres Multeres	: 724 577 434 :392 :366 busca: 361				
ć				Imprimir	Volver				

Tódalas persoas usuarias que se incorporaran ó proxecto durante a duración do mesmo están listadas nesta sección. Por medio dunha lenda a persoa orientadora pode analizar visualmente os distintos estados das persoas orientadas:

**Baixas :** Prodúcense cando unha persoa usuaria consegue un contrato de seis meses ou máis.

Cando, por diversos motivos, así o decide o/a usuario/a voluntariamente.

Cando o/a profesional que a atende xulga que o

proxecto non responde ás expectativas da persoa usuaria, quer por incumprimento do compromiso, quer por outros motivos.

Inserción : A persoa usuaria do proxecto atópase baixo un contrato en prácticas ou un contrato inferior a seis meses.

## Baixa e

inserción : Indica o seu paso polos dous estados anteriores.

No pé da pantalla a persoa orientadora pode visualiza-los marcadores totais máis relevantes.

As opcións xerais de procuras e listaxes mantéñense como en apartados anteriores; a excepción estriba en cando editamos unha das fichas. Ó realizar esta opción dáse acceso á posibilidade de modificar e/ou editar e/ou dar de alta unha serie de datos máis extensos acerca do participante, en concreto:

- Outros datos persoais complementarios
- Experiencia laboral
- Datos profesionais
- Formación ocupacional
- Ensino regrado
- Carnés de conducir
- Carnés profesionais
- Seguimento
- Dar de baixa
- Inserción
- Persoas emprendedoras

19 manual 1	Incorporacions
HUPINIS TRACION	Datos 18 Contarto Crear Tarxeta de Ocupabilidade
CRUPOS	Datos 1- contacto
PERSOAS USUARIAS	Persoa Usuaria: Código: 01254/13/14
THEORS RUNLINRES	Outros Datos Persoais Complementarios
	Experiencia Laboral
DERIVIACIÓNS	
NCORPORACIÓNS	Datos Profesionais
PERSORS EMPRENDEDORAS	Formación Ocupacional
	Ensino Reglado
EMPRESA	Formación Complementaria
	Cornete de Conducie
ACCENDA	camers de conductr
	Carnets de Profesionais
eolsas	Sequimento
P ANUDAS	Dar de Baixa
	Terrentée
	Insercion
	Persoas Emprendedoras
	Cursos Solicitados

Con tan só selecciona-la subsección correspondente desprégase un menú coas diferentes opcións. Ademais diso pódense edita-los datos de "Primeiro contacto" da persoa usuaria.

Intranet	16 J.	Outros Datos Persoais Comp	lementarios		
<b>9</b> -	OMMISTRACIÓN				
	RUPOS	Experiencia Laboral			
1 .	ERSONS USUNRING	Datos Profesionais			
1	épons aux apris	Anotado INEM:	Si 🛩		
	Note to the factor of	Anotado SGC:	Si 🛩		
1	RIMERO CONTRCTO	Situacion Laboral:	ECONOMIA SUMERXIDA		
8 .	ERIVACIÓNS	Área Ocupación Preferente:	TRABALLADORES/AS NON CUALIFICADOS/AS		~
õ .	in a second s	Subarea Ocupación Preferente:	Conserxes/as de Edificios, Limpacristais e Asimil	~	
E ,	CORPORPICIONS	Ocupación Preferente:	Repoñedor/a de Hipermercado	~	
ŵ :	ERSOAS 21PRENDEDORAS	Area Ocupación Preferente 2:	TRABALLADORES/AS NON CUALIFICADOS/AS		*
	CTIVIDADES	Subarea Ocupación Preferente 2:	Persoal Limpeza de Oficinas, Hoteis e Outros Tr	~	
	29704052	Ocupación Preferente 2:	Moza ou mozo de limpeza ou limpiador/a en xeral	~	
	HPRESA	Área Ocupación Preferente 3:	TRABALLADORES/AS NON CUALIFICADOS/AS		*
9 8	STATISTICAS	Subarea Ocupación Preferente 3:	Peons/nas do Transporte e Descargadores/as	*	
		Ocupación Preferente 3:	Mozo/a de carga e descarga, almacén	~	
- ·	RENDH	Área Ocupación Preferente 4:	••••		~
18 1	NENDA ROMIN	Subarea Ocupación Preferente 4:		~	
5.	11 mar	Ocupación Preferente 4:	••••	~	
1	ocorio -	Capacidade Laboral:	PLENA		
Ð '	NUDRS	Disponibilidade Horaria:	Total		
		Disponibilidade Xeográfica:	Comarca		
		Interesa Autoemprego:	NO		
		Habilidades:	INICIATIVA, RESPONSABLE, CAPACIDAD DE APREI		
			Gard	ar Dator	_
			Gard	a. Datos	1

A parte dos datos trasladados automaticamente desde o primeiro contacto, incluiremos aquí os relativos ó **seguimento** da persoa usuaria, reflectindo os diversos contactos que a persoa orientadora vaia tendo coa persoa usuaria e os datos de **inserción** no caso de que persoa usuaria do proxecto encontre un traballo.

Desde esta sección crearemos tamén a tarxeta de ocupabilidade, tarxeta de presentación en formato E-Card para as nosas persoas usuarias ó mundo laboral. Esta tarxeta intenta presenta-lo proxecto e a persoa usuaria ás empresas. Outra función da tarxeta é se-la chave de acceso do usuario á parte privada da web nacional do proxecto para poder ver en todo momento o seu estado dentro do proxecto e nas actividades que se desenvolven (Ver anexo 1).



Aquelas persoas participantes que sexan "Persoas emprendedoras", é dicir, que teñan algunha idea relativa a un proxecto empresarial, ou ben desexen crea-lo seu propio posto de traballo, serán dadas de alta, neste apartado da intranet, co obxecto de efectuar un seguimento no desenvolvemento da súa iniciativa. A listaxe principal desta sección consta dunha relación de persoas emprendedoras e un resumo da súa idea, sinalando por medio dunha lenda identificativa aqueles proxectos que frutificaron na creación dunha empresa e as persoas que abandonaron o proxecto. Como en áreas anteriores, o pé do apartado subministra os totais da área.

	Operacións sobre	Persoas En	nprendedoras			
ADMINISTRACIÓN	Listados Pe	rsoas Empren	dedoras	Actualizar		
GRUPOS	- Información para	a busca				
PERSORS USUARIAS	Buscar:	en	Nombre 💌	Nova Busca		
TÁBOAS AUXILIARES	Levenda					
	Creada	la				
	Resultados de la	Busqueda				
HCORPORACIÓHS	Nome 🖬	Primeiro Apelido 🖬	Segundo Apelido 🖬		Idea	Editar
PERSOAS EMPRENDEDORAS					CONSULTORIA DE EMPRESAS	ø
ACTIVIDADES					IDEA SIN DEFINIR	ø
EMPRESA					KIOSKO	S
ESTATISTICAS					ASESORIA EN SEGUROS - AGENCIA INMOBILIARIA	Ś
RXENDR					TAPERÍA	ø
RXENDR RDMIN					SERVICIOS DE ELECTRICIDAD	ø
BOLSAS					FABRICACIÓN PRODUCTOS DE CONFLITERÍA	ø
RAUDRS					SERVICIOS DE LIMPIEZA	3
	Contador					
	Total Persoas Emprende Total Ideas: 159 Total Ideas Creadas: 21 Total Ideas Abandonada	doras: 151 s: 22	Total homes: 56 Total homes: 58		Total mulleres: 95 Total mulleres: 101	

Como estamos a dicir, as accións de listaxe e procura coinciden, no seu aspecto funcional, coas das anteriores seccións. Pero cando seleccionamos a opción de editar unha das persoas usuarias emprendedoras, aparecen opcións específicas dos mesmos:

- Información solicitada
- Resumo da idea empresarial
- Seguimento
- Valoración do asesoramento técnico a persoas emprendedoras
- Observacións
- Experiencias laborais
- Cursos
- Ensino Regrado



PROXECTO COMPÁS	Dersoas	mprendedoras	NICIO 🏠	SAIR 🕚
	Para modificar os datos	da persoa usuaria pulsa aquí		
🙀 GRUPOS				
🖗 PERSOAS USUARIAS	Información Solicita	da		
TÁBOAS AUXILIARES	🦟 Resumen de la Idea	Empresarial		
	Sector:	Outros servicios	~	
NO VO	CNAE:	Sin Especificar	~	
DERIVACIONS	Área Ocupación:	TRABALLADORES/AS NON CUALIFICADOS/AS		~
	Subarea Ocupación:	Sin Especificar	~	
PERSOAS	Ocupación:	Sin Especificar 💌		
EMPRENDEDUKHS	Forma Xurídica:	Autonomo/a 💌		
	Concello:	Porriño		
EMPRESA	Número de Persoas Promotoras:	1 💌		
ESTATÍSTICAS	Número de postos a crear:	2		
AXENDA	Contrata Persoal:	1		
CON AXENDR RDMIN.	Non Contrata Persoal:	0		
🥩 BOLSAS	Número persoas contratadas cta allea:	1		~
< >	<			>

Posto que unha persoa emprendedora é participante no Proxecto Compás, podemos acceder ós seus datos de forma directa a través da sección de "Persoas emprendedoras" Tódalas persoas usuarias do Proxecto Compás que realizan seminarios, cursos, conferencias, etc., son mostradas na sección "Actividades". Podemos filtrar estas actividades consonte o nome, a data ou ben o concello.

Unha persoa usuaria dada de alta nunha actividade pasa por tres estados:

Solicitante:	a súa persoa orientadora inclúea dentro dunha acti vidade
Concedido:	a persoa orientadora coordinadora desa actividade concédelle poder realizala
Asistente:	o/a docente que imparte a actividade confirma a asistencia

Cada un dos pasos é asignado pola persoa orientadora encargada da actividade. A persoa usuaria pode ver en que estado se acha a través da área privada da web nacional por medio da súa tarxeta de ocupabilidade.

	ADMINISTRACIÓN	Actividades -> Op	eracións					
	GRUPOS	Nova Actividade	Actua	lizar				
ŝ	PERSOAS USUARIAS	Listados Activid	ades					
)	TÁBORS AUXILIARES							
١		Buscador						
Ð	DERIVACIÓNS	Nome:		Concello			*	
8	INCORPORACIÓNS	Fecha_inicio: Dende	v/ v	/ 💌 at	• <b>•</b> /	~/	¥ .	
00	PERSOAS EMPRENDEDORAS	Ver Rematada:	: 🔲 Anular Bu:	squeda		Bu	iscar	
D	ACTIVIDADES	Lenda						
an.		Rematadas Com	enzadas					
	EMPRESA							
	EMPRESA ESTATÍSTICAS	Actividades en	a BBDD					
	EMPRESA ESTATÍSTICAS AXENDA	Actividades en Nome 🖬	la BBDD Data Inicio	Concello	Editar	Borrar	Solicitudes	Asistentes
	EMPRESA ESTATÍSTICAS AKENDA AKENDA ADMIN.	Actividades en Nome Conductora de bus ( posible) sept.04	Data Inicio	Concello Vigo	Editar 🏾 🏾 🏾 🏵	Borrar T	Solicitudes Ver Solicitudes	Asistentes Ver Asistentes
	EMPRESA ESTATÍSTICAS AKENDA AKENDA ADMIN. BOLSAS AKUDAS	Actividades en Nome ta Conductora de bus (postible) sept.04 CLUB DE ENPLEO CON. BUS	Data Inicio Data Inicio 01/01/2006 01/01/2005	Concello Vigo Vigo	Editar ③	Borrar T	Solicitudes Ver Solicitudes Ver Solicitudes	Asistentes Ver Asistentes Ver Asistentes
	EMPRESA ESTATÍSTICAS AKENDA AKENDA ADMIN. BOLSAS AKUDAS	Actividades en Nome La Conductora de bus ( postble) sept.04 CLUB DE EXPLEO CON. BUS	a BBDD Data Inicio 01/01/2006 01/01/2005	Concello Vigo Vigo	Editar	Borrar T	Solicitudes Ver Solicitudes Ver Solicitudes	Asistentes Ver Asistentes Ver Asistentes

Deste xeito podemos dar de alta unha nova actividade, explicitando as súas características no formulario correspondente. Podemos lista-las actividades e, naturalmente, imprimilas e visualizalas en formato Pdf, ademais de edita-las xa dadas de alta e borralas.

ctividades -> Editar A	Actividade
Datos da Actividade	
Centro:	Maiv-Vigo 💉
Xestor:	×
Concello:	Vigo 🗸
Nome:	Conductora de bus ( posible)sept.04
Tipo de Acción:	APRENDIZAXE E DESENROLO PROFESIONAL CURTO
Obxectivos:	promover a adquisición de coñecementos profesiona
Data de Inicio:	1 1 2006 1 2006
Data de Finalización:	1 🖌 / 1 🖌 / 2006 🗸
Horas ó Día:	4
Horas Totais:	300
Contidos:	
Recursos:	
Precio:	lo le

Igualmente podemos ve-las solicitudes existentes para dita actividade e tamén, se xa está finalizada (existe un filtro ó respecto para acelerala busca) ve-los asistentes que tomaron parte nela.

detranet.	Activida	des							
всезнатляски									
😜 circurios	Conductora d	le bus (	posible)s	ept.04					
PERSONS USUARIAS	Usuarios Apunta	los							
THEORS PLOCHPRES						Primar	Semindo	Data	
PRI-RERO CONTRCTO	Estado	Centro	Concello	Xestor	Nome	Apelido	Apelido	Solicitude	Eliminar
DEREVINCIÓNS	Conceder	Matv- Redondela	Redondela					12/07/2004	0
INCORPORTICIÓNS	Conceder	Matv- Redondela	Redondela					12/07/2004	•
EPPRENDEDORRS	Conceder	Matv- Redondela	Redondela					14/07/2004	
ET ET PRESA	Conceder	Hatv- Redondela	Redondela					12/07/2004	
ESTATISTICAS	Conceder	Mate-Vigo	Vigo					13/07/2004	
Roseinon	Conceder	Matv-Vigo	Vigo					28/07/2004	•
AND A ROLEN AD THE									
BOLSAS	Total Solicitudes: 6								
ROLDAS	Total Concedidos: 0								

Intranet	Asis	tente	S						
Астанатияской									
anupos	REDES	AUTOEM	PREGO I	I					
PERSONS USUARIAS	Activida	des -> Usuai	ios asistente	s á Actividad	le				
THEORS MUNILIVIES	Asiste	Centro	Concello	Xestor	Nome	Primeiro Apelido	Segundo Apelido		
PRE-ERO CONTACTO		Mate-	Pazos de					•	
DERMICORS	п	C.I.G.	Vito						
нсояровискона		Hadashina	1 March						
EPPRENCEDORAS		analis- vigo	vigo						
ACTIVIDADES		C.I.G.	Vigo					0	
EHPRESA		Matv-Vigo	Redondela					0	
		Maiv-Vigo	Vigo					0	
0 0000		Maty-Vigo	Vigo					0	
		Matv-Vigo	Vigo						
HIGH REACH ROTON		C.E.P	Vigo					•	
S BOTZHE			Man						
Roubes	<u> </u>	. Cer	1000					w.	
		C.E.P	Redondela					0	
		C.E.P	Vigo					0	
		C.E.P	Vigo					•	
		Mate-Man	Viro						

